

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****VIGO****Persoal, oposicións***MODIFICACIÓN DAS BASES REITORAS DA BOLSA DE EMPREGO DE TÉCNICO/A
SUPERIOR DE ARQUIVOS**ANUNCIO*

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 19 de xullo de 2018, adoptou o seguinte acordo, polo que se estima parcialmente o recurso presentado contra as bases reitoras do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 do Real decreto legislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido do estatuto básico do empregado público como Técnico/a superior de arquivos (subgrupo A1) e como consecuencia modifícase o acordo da Xunta de Goberno Local de data 10/05/2018 polo que se aprobaron as ditas bases:

Primeiro.—Estimar, de conformidade con Informe-Proposta que antecede e pola motivación legal exposta, a petición de suspensión do acto impugnado, solicitada por o Sr. Sepúlveda Lorenzo J.M. (doc nº 180098841).

Segundo.—Estimar parcialmente, de conformidade con Informe-Proposta que antecede e pola motivación legal exposta, o recurso interposto por o Sr. Sepúlveda Lorenzo J.M.(doc nº 180098841). En consecuencia modificar o acordo da Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 10/05/2018, polo que se acordou aprobar as bases específicas reitoras do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego que permita os nomeamentos interinos previsto no artigo 10.1 do RDL 5/2015, de 30 de outubro, como Técnico Superior de Arquivos. Expte. 31605-220 nos seguintes apartados:

No apartado IV das bases, adicado á Fase de oposición, exercicios integrantes do proceso selectivo, antepenúltimo parágrafo onde di textualmente que “no caso de empate, o desempate resolverase a favor do/a aspirante de maior idade e, se continuase o empate, se dirimirá mediante sorteo.” Debe constar “no caso de empate, o desempate resolverase a favor do/a aspirante que obteña maior puntuación no segundo exercicio de carácter teórico práctico, e de persistir o desempate, se dirimirá establecendo o tribunal unha sinxela proba adicional e obxectiva relacionada coas materias obxecto da oposición para os empatados.”

No apartado VI, penúltimo parágrafo, onde dí “Contra a exclusión na lista de admitidos e recusacións dos membros do Órgano de selección poderanse presentar reclamacións e emendar erros ou omisións no prazo de tres días hábiles contados dende a publicación do anuncio contendo a mesma no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na web municipal www.vigo.org. Debe constar “Contra a exclusión na lista de admitidos e recusacións dos membros do



Luns, 29 de outubro de 2018

Núm. 208

Órgano de selección poderanse presentar reclamacións e emendar erros ou omisións no prazo de cinco días contados dende a publicación do anuncio contendo a mesma no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na web municipal www.vigo.org.”

Acordando manter os restantes extremos das Bases impugnadas.

Terceiro.—Acórdase non proceder a apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes.

Cuarto.—Notifíquese o presente acordo ao recorrente, á Intervención Xeral Municipal, ao Comité de Persoal e ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, aos efectos oportunos.

Quinto.—Proceder á publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na paxina web municipal www.vigo.org para público e xeral coñecemento, informando de que se continuará co devandito proceso selectivo, procedéndose á maior brevidade á publicación das listas provisionais de admitidos e excluídos.

Contra a presente resolución, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

MDG/bl

Vigo, data segundo sinatura electrónica.

A XEFA DA ÁREA DE RECURSOS HUMANOS E FORMACIÓN.—María Dapena Gómez

O CONCELLEIRO-DELEGADO DA ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL E PERSOAL (delegación competencial por Decreto de Alcaldía de data 19/06/2015 e 30/12/2016, e acordos da XGL das mesmas datas).—Javier Pardo Espiñeira.

